

## BANDA DE MUSICA MUNICIPAL DE RIBADEO

A B. de M. Municipal de Ribadeo está promovida pola Asociación "Amadores da Música" en convenio co Excmo. Concello de Ribadeo.

Foi por iniciativa dun grupo de amigos que traballaron arreo, que se fixo realidade este sono longamente desexado de volver a ter una Banda de Música no noso pobo. Da man do inesquecible Hernán Naval Parapar, fixo a súa presentación en público, como moderna Banda de concertos en 1992 e dende esa data, numerosas son as súas actuacións entre as que destacan os concertos ofrecidos en A Coruña, Santiago, Lugo, Vigo, Oviedo, Madrid, Barcelona, Murcia, e no veciño Portugal, en Lisboa, Loures e Tomar.

Ten feito gravacións para varios programas da RTVG, e colaborado coa Coral Polifónica de Ribadeo, así mesmo ten gravado dous CDS que tiveron moi boa crítica. Despois do falecemento de Hernán Naval, estivo brevemente baixo as batutas de Marcel van Bree e Mariano Rivas para despois e durante dous anos, ser dirixida por José Luis Alvarez e Bernardo Méndez.

Dende outubro de 2.004 ten como director Lourenço Filipe da Silva Cruz, co que ten ofrecido xa os concertos de Sta. Cecilia, Nadal e día das Letras Galegas entre outros varios, e co que desexamos asentar definitivamente esta formación aínda moza.

### LOURENÇO FILIPE DA SILVA CRUZ


Nace no seo dunha familia de músicos, no ano 1977 na Franza. O seu primeiro contacto coa trompeta foi no ano 1994. Obtivo o Título Superior de Trompeta e Música de Cámara nos centros: "Escola Profesional de Música de Viana do Castelo", "Conservatorio de Música de Vigo e Madrid" e no "Conservatoire Regional de Nantes". Traballou con profesores como: Jorge Almeida, Carlos Beneto, Luis González, José Orti, Fred Millis, Javier Simo, Marc Ullrich, Jean Marc Metz, Andre Henry, Charles Butter, Kevin Wvaidron....

Ten participado en numerosos cursiños de Harmonía, Acústica, Pedagogía Musical, Anatomía e Fisioloxía da Respiración, Música de Cámara do Sec., XX, Dirección de Orquestra, Banda e Coro... É convidado en varias ocasións por orquestras como: Orquestra Sinfónica de Viana do Castelo, Orchestre de Harmonie Ville Saint Luce Nantes, Orquestra Académica do Porto, Orquestra de Sopros de Guimaraes, Orquestra Filarmónica de Vila Real, Real Filharmonía de Galicia (na cal gañou por concurso a beca para a Escola de Altos Estudos de Galicia), Orquestra Nacional dos Templarios de Tomar (obtivo a praza de solista, por concurso público).

Estivo como director Artístico na Banda Xuvenil e Cultural de Teo e da Banda de Música de Chapelá, onde logrou varios premios. Na actualidade estuda dirección de orquestra e banda na Franza co mestre Julien Mascuty, é Autor e Director Artístico do proxecto Banda Sinfónica Minho-Galaica, Director da Escola Municipal de Música de Ribadeo e Director da Banda de Música Municipal de Ribadeo.


### Programa

Tercio de Quitas.....	Rafael Talens
A máscara do Zorro .....	James Horner
Ross Roy .....	Jacob de Haan
Airiños Aires .....	Gustavo Freire



# Festival de Bandas

- Banda de Música "La Lira" de Luarca
- Banda da Sociedade Filarmonica Gualdim Pais de Tomar (Portugal)
- Banda Municipal de Música de Ribadeo



30 de Xullo 2005 • 20:30 h.  
Praza da Música

Vivimos no país das mil e unha músicas, nunha terra que emprega cada vez máis a música como vehículo de comunicación entre as súas xentes. Na cidade de A Coruña vén de rematar o Festival Mozart cun éxito sen precedentes; en Compostela está a punto de caer o pano do Festival Internacional de Música de Galicia; Pontevedra prepárase para facer fronte a un dos festivais de jazz máis ambiciosos do Estado, Pontejazz 05; Lugo celebrou con éxito a Semana de Música Clásica de Corpus; e Ribadeo vai ser escenario da duodécima edición do seu festival de Bandas de Música.

Pero queda moito por facer para que o éxito desa comunicación sexa recíproco. Nese camiño por acadar o pleno entendemento entre emisor, músico, e receptor; público, teñen moito que dicir as bandas de música polo seu carácter de agrupacións próximas á xente. É por elo que a celebración de festivais coma este debe servir non só para o entretemento senón tamén para a educación do público de cara a unha maior cultura musical.

Na súa programación anual e, en especial nos festivais, as bandas de música deben cumprir o seu papel de dinamizadoras da cultura propia, poñendo especial coidado en fixar un público fiel e en atraer a xente moza non só como ouvintes senón tamén como partícipes das súas actividades.

Celso Emilio Ferreiro, un dos máis grandes poetas das nosas letras, escribía: o povo quere terra/ coma Anteo na fábula/ a terra quere povo/ para ser fecundada. Estes versos, que deron título ao libro dun coñecido analista político galego meses atrás, simbolizan o compromiso que as bandas de música teñen que adquirir con Galicia e coas súas xentes. Esta terra é moi fecunda musicalmente falando pero agora precisa dun motor; o pobo, que traballe e manteña viva a ilusión por comunicarse nun idioma universal como é a música.

A Asociación Amadores da Música, coa axuda dos distintos patrocinadores que colaboran na organización do festival, mantén intacta, por duodécimo ano consecutivo, a súa ilusión por facer chegar unha mensaxe en clave de sol ao maior número de xente posíbel. Todos e cada un dos músicos que están enriba do escenario son fieis ao seu compromiso de tocar para que vostedes gocen pero tamén para encher de música os seus corazóns.

Suso López  
Trompeta da BSMR

#### BANDA DE MUSICA " LA LIRA "

Non é doado presentar a Banda de Música "La Lira" de Luarca que dende 1.889 en que naceu, ten por incontables as súas actuacións e moitos foron tamén os seus directores. Imonos centrar na época mais recente xa que dende 1980 pódese dicir que a Banda de Música nace de novo da man de D. Guzmán Lombardero, verdadeiro artífice desta formación. Mais tarde foi dirixida por D. Pedro Mónica Navarro e logo por D. Luis Ferrer Picos que puxeron toda súa ilusión e desvelos no mantemento de "La Lira".

A Banda de Música "La Lira", é o referente principal da Asociación Músico Cultural do mesmo nome, de Luarca, formada nomeadamente por un feixe de amigos músicos e ex-músicos que co seu esforzo e dedicación constante están a manter esta formación en permanente actualidade.

Nesta época recente, ten intervido en importantes acontecementos, creando Festivais Provinciais de Bandas Civiles do Principado, e como non, en intercambios con outras Bandas limítrofes, asimesmo ten tocado no programa "Gente Joven" de RTVE, e por suposto tódolos anos intervéñ nas festas do San Timoteo, Patrón de Luarca e nos acontecementos máis sulñados.

Dende o mes de novembro de 2.002, está dirixida por D. David Colado Coronas co que consegue gravar o seu primeiro CD.

#### DAVID COLADO CORONAS

Nace en Avilés e cursa estudos no Conservatorio Superior de Música Eduardo Martínez Torner de Oviedo, con profesores da talla de Jaime Morales, René Van Haren, Christian Brandhofer e Sylvain Oersetig, en Madrid estuda con Enrique Ferrando Sastre e ademais realiza diversos cursos internacionais.

Tras graduarse en Maxisterio (Música), comeza estudos de Canto e obtén asimesmo no ano 2001 o título profesional de Profesor de Tuba.

Artista polifacético ten colaborado como instrumentista de trombón e trombón baixo, coa OSPA (Orquesta Sinfónica de Asturias), coa Orquesta Sinfónica de Luxemburgo, coa Orquesta Arché e a OSCO (Orquesta Sinfónica ciudad de Oviedo), nun sinfín de concertos sinfónicos obras de Zarzuela e Opera.

Como instrumentista ten gravado CDS coa B. S. Ciudad de Oviedo, co grupo Pop Dixebra, con Australian Blonde, con Cántara, con Nacho Vega, coa Big Band do Conservatorio Profesional de Xixón e ca Banda de música de Corvera. Como cantante ten gravado un CD para RTVE da opera " Romero e Xulieta" xunto a Ainoa Arteta e Rolando Villazón. Un CD co Coro da Fundación Príncipe de Asturias e outro coa OSPA. Como director tamén ten gravado un CD coa Banda de Música La Lira de Luarca.

Membro fundador da JOSPA e da B. de M. da Federación Asturiana de Bandas e asimesmo colaborador noutras moitas, é na actualidade profesor de trombón, tuba e bombardino no conservatorio de música do Occidente e director da Banda do mesmo. Profesor de vento metal da Banda Joven Ciudad de Oviedo, da escola Miguel Barrosa de Candás e profesor de música (ESO) no colexio Sta. Teresa de Jesús de Oviedo. Bombardino solista e trombón da B. de M. Ciudad de Oviedo e director dende o ano 2.002 da Banda de Música "La Lira" de Luarca.

#### Programa

Ben-Hur .....	Miklos Rozsa
Killing me softly .....	Norman Gimbel & Charles Fox
My way .....	Frank Bernaerts
I will follow you .....	Jan Van Kraeydonck
The mission .....	Ennio Morricone
A Tribute to Elvis .....	Arr. Thijs Oud

#### BANDA FILARMONICA DA SOCIEDADE FILARMONICA GUALDIM PAIS

A Sociedade Filarmónica Gualdim Pais, e una Institución de utilidade pública dende 1982 e Institución Particular de Solidariedade Social dende 1994 na que funciona unha escola Artística autorizada polo Ministerio de Educación, que imparte o grao elemental e medio de música en tódolos instrumentos de vento, en percusión e tamén en piano, guitarra, violín e violonchelo. Asimismo ten convenios con 37 escolas de primaria do concello de Tomar, polos que asume o ensino regular da música para cerca de mil alumnos. A esta Sociedade, pertence a Banda filarmónica que foi fundada en 1877 e sempre mantivo a súa actividade ao longo destes 128 anos.

Esta formada na actualidade por unha plantilla de 61 músicos, todos eles afeizoados e dunha idade media de 17 anos. Ten no seu haber distintos premios conseguidos noutros tantos concursos, os mais recentes son un 2º premio no Concurso internacional de Bandas da Amadora en 1988 e un 1º premio no concurso Nacional "A volta do Coreto" organizado no ano 1995 pola R.T.P. Por desexo propio nos últimos anos veñen centrando o seu traballo artístico en concertos, tendoos feito por todo o País así como en Italia e España donde ademais de todo o territorio galego ten actuado en Cáceres, Castellón, etc. Actualmente a dirección da Banda Filarmónica corre a cargo do maestro Francisco Pereira Pinto.

#### FRANCISCO PEREIRA PINTO

Nace en Guimaraes en 1964 e comeza estudos musicales os 13 anos na filarmónica de Caldas Taipas e logo continua a súa formación no Conservatorio de Música Fundación Calouste Gulbenkian, en Braga.

En 1983 entra por oposición na Banda da Guarda Nacional Republicana na que actualmente desempeña o papel de clarinete solista. Acaba a carreira de clarinete estudando con profesores como Antonio Saiote, Joge Trindade e Manuel Jerónimo no conservatorio de Lisboa, donde tamén fai cursos en técnicas de composición, análise, acústica e música de cámara. Participou na Orquesa Sinfónica Juvenil, na Orquesta Portuguesa da Juventude, Orquesta das Escolas Particulares e outras. É membro fundador do Cuarteto de Clarinetos Chalumeau, co que ten actuado por todo o país veciño e Archipiélago das Azores donde imparte cursos de perfeccionamento de clarinete.

Dirixiu a Banda da Sociedade Filarmónica Timbre Seixalense, a Banda da Sociedade Filarmónica da Gançaria, a Orquestra Lixeira do Clube Recreativo da Cruz de Pau e outras. Actualmente e profesor na Academia Luisa Todi de Setúbal e no conservatorio Silva Marqués de Alhandra e director da Banda da Sociedade Filarmónica Galdim Pais de Tomar

#### Programa

Consuelo Ciscar .....	Ferrer Ferran
Virginia .....	Jacob de Haan
Rainbow Warrior .....	Kees Vlak
West Side Story .....	Leonard Bernstein
A Tribute to Benny Goodman .....	Richard Hayman